

# PRESENZA DA NATUREZA NAS “CANTIGAS DE SANTA MARIA”

EMILIO XOSE INSUA

*Se a literatura, globalmente, é un diálogo co mundo, non resulta estraño que a literatura galega de todos os tempos puxese especial fincapé nunha faceta peculiar dese diálogo, como é a relación co entorno natural, coa natureza. Non é arriscado afirmar que as nosas letras amosan, historicamente, unha especial sensibilidade cara ao meio. Talvez por iso mesmo unha composición emblemática, o noso hino nacional, leve por título “Os Pinos”, ou o drama da emigración fiquese descrito sumariamente nos versos rosalianos “Adiós, ríos; adiós, fontes”, ou a vindicación labrega se concrete nos versos de Curros nun maio “de flores cuberto”, sen cregos opresores, usuras ou demos, cheo de castañas para lles dar aos nenos que peden á porta... Pero non só acontece isto cos poetas do XIX: o mar existencial de Manuel-António, as froliñas dos toxos do Noriega Varela, o galo de Amado Carballo, o que val unha vaca, unha árbore do noso Daniel, o “eu son unha arbre” de Celso Emilio Ferreiro (ou o seu Galiza arbre antigo, fendido polas machadas), o “ainda é nova a terra” do Uxio Novoneira, os cantos da terra posuída do Fernán-Vello... A relación seria, e non é tópico, inesgotábel. Vemos, pois, como a natureza, nos seus diversos rostros, cos seus*

Cando Afonso X pon en marcha o seu obradoiro literario, artístico e musical, para a elaboración dunha serie de cantigas de corte relixioso e inspiración mariana, ten en mente varios obxectivos que se complementan: cumprir coa súa persoal devoción, converter Toledo nun foco de atracción para trovadores, miniaturistas, músicos, etc... e, sobre todo, asestar un duro golpe ao culto xacobeo, ou o que é o mesmo, minguar o poder da Compostela arcebispal. Seguramente, non pensou facer en nengun intre un canto á natureza através desas cantigas, máis centradas na figura e nos supostos miragres da Virxe que en calquera outro aspecto. Mais o certo é que tanto el propio como a súa equipa de compositores, encabezada polo clérigo Airas Nunes, tiveron que botar man da natureza en múltiples ocasións para elaborar esas xoias da nosa literatura medieval:

Primeiramente, utilizaron as flores para establecer comparacións e metáforas coa Virxe, denominada “Rosa do mundo”, “Rosa das rosas, fror das frores”, “Fror d’Espynna”. xogando coas letras que compoñen o nome MARIA concluíron que o R remitía a “Ramo” e “Rayz” (Cantiga nº70).

diferentes elementos, despertando emocións orixinais, aparece marcando as liñas de tantas e tantas obras do noso acervo literario. Esta sección, “A Natureza na Literatura”, terá precisamente como obxectivo traer á revista eses textos ou reflexións sobre eses textos para, por unha banda, recriar o gosto e o coñecemento da nosa literatura e, por outra, contribuír á sensibilización ecoloxista da sociedade.

Para iniciar a andaina da sección pareceu-nos oportuno retrotraer-nos ao período medieval, unha época de esplendor cultural e de normalidade sociolingüística na Galiza, e deitar atención sobre unha obra de carácter relixioso, as Cantigas de Santa Maria, atribuída tradicionalmente ao rei castelán Afonso X, “O Sábio”. Este monarca, de política nada favorecedora para o noso país, é, sen embargo, protagonista indiscutíbel dalgunhas das páxinas literarias máis significativas do noso Medioevo. No cancionero mariano por el inspirado, que consta dun total de 427 composicións, imos trastrexar a presenza da natureza. Ofereceremos-vos, xa que logo, unha das primeiras mostras desa relación que o título da sección quer resumir: A NATUREZA NA LITERATURA.



En segundo lugar, non puideron sustraer-se á fraseoloxía existente na época, pragada de elementos naturais. Para referir-se ás sazóns do ano, por exemplo, utilizaron “no tempo quando as vias vendimian” (352); “no tempo da caentura” (383). Para exprimir o desprezo “nonos preçavan dous figos” (181); “sol non val un mui mal figo” (321); “non dava por mata-lo sol hua formiga” (399); “non deu ua figa” (399). Nas comparacións, en inúmeras ocasións o segundo termo é un animal: “mais branco que un armyo” (26); “como touro faz” (47); “semellava que todo mudara como muda penas a andorya” (54); “corrend’o monge como cervá” (69); “como perdiz, assi o depenavam” (116); “corre mais que estruz” (135); “tornou bravo com’un leon” (265); “é peor que golphello” (273); “mordia come can” (275); etc...

En terceiro lugar, como un mecanismo máis de louvanza á Virxe, insistiron unha e outra vez no poder que ela tiña sobre todas as criaturas. Así podemos ler que a Virxe “sequera nas bestias mudas nos mostra muitas ajudas” (375); que “mui gran dereit’e d’as bestas obedecer a Santa Maria” (52); que “con rason é d’averen gran pavor as





*bestias da Madre daquel Sennor*" (144); que *"a que faz o ome morto resurgir sen nulla falla ben pode fazer que viva outra morta animalla"* (179).

Un cuarto motivo da presenza da natureza nas cantigas ten a ver cos fenómenos meteorolóxicos: a choiva (143); a seca (143); a neve (309); *"hua mui gran geada"* (234); a saraiva, á que se lle chama *"pedra"* (161)... Tamén hai lugar nestas cantigas para os terremotos (*"s'abriu a terr'e o mosteyro se somyu"*, 226) e para as erupcións volcánicas (*"fogo s'acendeu mui grande, e toda a terra tremeu, e choveu tan muito come no mayor inverno do mundo chove, com'oy, volta con gran pedra"*, 307); non podían faltar, desde logo, as referencias aos trobóns: *"e fezo ventos mui grandes e começou de chover e alamos con torvoes des i coriscos caer"* (311).

Alguns dos miragres relatados presentan breves caracterizacións paisaxísticas, anque secundarias: *"en un lugar montannoso"* (184); *"Hua fonte que nacia en un vale juso a pe desse monte yndo por un semedeiro"* (191); *"passou serras e chaos"* (344); *"un penedo muy alt'e muyt'esquivo"* (241), etc. Fala-se-nos tamén da foz do río, do *"peago"*, da *"praça ervosa"*, do *"geo nos regueiros"*, etc. Só en dous casos a paisaxe está plenamente identificada: na 273 *"esto foi en Ayamonte, logar ja quanto fragoso pero terra avondada de perdiz e de coello"*; e na 328, aludindo a Santa Maria do Porto, en Cádiz, *"Este logar jaz en terra mui boa e mui viçosa de pan, de*

*vynno, de carne e de fruta saborosa e de pescado e de caça"*. En ambos casos, como se ve, a localización é extra-galega.

Como sexto elemento demostrativo desa presenza á que vimos aludindo están todas as referencias a animais quer exóticos, que fantásticos: o dragón (85, 189); o león (9, 47), a balea (244)... Máis significativa é, porén, a citación de animais daninos, ou ocasionalmente tais. O lugar de privilexio ostenta-o a araña: *"empoçoad'e fera"*; *"bestigo astroso, de corpo mui veloso"*; *"grand'e negr'e avorrída"*. A ben pouca distancia maligna fica a cobra ou serpe: *"Entón abriu a boca a moller, e vermella deitou hua cohobra per ela, a semella dua anguia grossa"* (368). Outros animais apresentados como daninos son o lobo (31), algúns vermes (*"a semella destes de sirgo, mais come ovella era velos'e coberto de laa"*) e, mesmamente, o can, pois ousará mexar sobre un cristián que reza axionllado diante da porta dunha igrexa (286)...

Outro campo de referencias naturistas estaria ocupado polos animais domésticos e de caza. As *"bestias d'arada"*; os *"bezerros"*, *"almallos"* ou *"novelos"*; as mulas; os cabalos... aparecen en varias cantigas (31, por ex.). Canto á caza, o animal omnipresente é o azor: *"Est'açor fillava garças e aades e betouros"* (352); *"E pois foron na ribeira u muitas aves andavan, as aades deitaron os falcoes"* (234).

Flores e árbores tamén salferen as cantigas. Entre as primeiras temos localizado o *"lilio"*, a rosa, a *"edra"*. Entre as segundas, a *"azeyra"* (213), a figueira (107), as *"vinnas e ortos"* (132), a xara (142), as amoreiras (148) e a *"geesteyra"* (237).

Só un campo máis citaremos antes de pór ramo a esta achega: o alimenticio. Carnes, pescados, *"pan e cevada"*, *"leytoes"*, *"cabroes"*, *"bon vyo"*, *"un ovo assado moi mole"*, perna de *"galinna"*, porco, *"verças de prado"*, *"farya"*, *"feijoos"*, *"bon queijo rezente"*, *"duas tortores mansas e de paombas un par"* (417), *"adega e vynnas con todo o seu, ortos e moynos"* (226), *"coellos assados"*, *"dous capoes ou ben dous ansarinnos"* (389), etc. etc.

A natureza é protagonista nalgúnhas cantigas: arañas que son tragadas por oficiantes relixiosos durante a consagración (201, 222, 225, 326); azores que se perden e son encontrados (44, 232, 352, 366); abellas que producen nas colmeas a cera que cómpre para os círios (208, 211); vermes ou babous que fian a seda (18); cabras montesas que se deixan munxir mansamente polos monxes (52); mulos tolleitos que se salvan do sacrificio (228); ovellas salvadas dos lobos (398) tras extraviaren-se polos *"vales e outeyros"*,... Sen embargo, quixéramos destacar dúas cantigas onde a natureza galega é protagonista: a nº103, que narra *"Como Santa Maria feze estar o monge trezentos anos ao canto da passarya, porque lle pedía que lle mostrasse qual era o ben que avian os que eran en Paraíso"*, isto é, o miragre de Ero de Armenteira; e a cantiga 354, titulada *"Como Santa Maria guardou da morte hua bestiola que chaman donezya"*, pois nela, por exemplo, di-se-nos que as donicelas servían na caza para tirar as aves das covas e que *"muito se receava do gato, que ena noite mellor ca no dia vee"*.

Agora que aínda é inverno cando se escriben estas liñas, non poucas gañas se senten de cantar, como a *"Maia"* conservada nas Cantigas de Santa Maria: *"Bem vennas, Maio, e con alegria"*, *"coberto de frutas"*, *"com boos sabores"*, *"com vacas e touros"*, *"com muitos gaados"*, *"com boo verao"*, *"com pam e com vinno"*, *"com boos manjares"*... Así sexal! ■

**A natureza, nos seus diversos rostros, cos seus diferentes elementos, despertando emocións orixinais, aparece marcando as liñas de tantas e tantas obras do noso acervo literário.**